

RESOLUCIÓN do 11 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca a participación no programa de formación “Observa_Acción: desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais”, durante os cursos escolares 2024/25 e 2025/26, que se levará a cabo a nivel autonómico, nacional e internacional.

Dominar a arte do ensino leva tempo e require práctica e esforzo sostido. A OCDE¹ apoia a observación e a reflexión como ferramentas esenciais na carreira profesional docente, xa que esta prové unha xanela directa ao traballo na aula desde a cal os/as profesionais do ensino poden analizar e reflectir, activando as estratexias e os recursos axeitados e perfeccionando o seu uso, ademais de aproveitar mellor o traballo en equipo dos claustros. Igualmente o Consello da Unión Europea², na súas conclusións sobre persoal docente e formador do futuro, considera que a observación e aprendizaxe entre iguais constitúen unha oportunidade de desenvolvemento profesional continuo cun gran potencial para o persoal docente.

Alén disto, o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado en centros educativos sostidos con fondos públicos da comunidade autónoma de Galicia pon de manifesto, entre outros aspectos, que a Rede de Formación será a responsable da organización e funcionamento da formación permanente do profesorado dos centros da comunidade autónoma de Galicia. Esta formación estará baseada na análise desta realidade docente, xunto cos cambios desenvolvidos na sociedade actual, coa presenza das tecnoloxías da información e da comunicación en todos os ámbitos da vida, adaptarse ao contexto sociocultural e lingüístico, será coherente coas suxestións de organismos internacionais e colaborará con outras institucións no eido educativo.

En marzo de 2023 presentouse un modelo de Competencias Profesionais Docentes revisado, actualizado e adaptado ao novo contexto educativo. O programa Observa_Acción está directamente relacionado co desenvolvemento desas Competencias Profesionais Docentes, especialmente coa Competencia en Desenvolvemento Profesional a través da reflexión analítica sobre a práctica docente, da xestión da crítica e da retroalimentación e da avaliación do desempeño profesional. Mediante esta última, detéctanse fraquezas, riscos e oportunidades de mellora, tómasse conciencia das propias limitacións e coñecementos e intégranse

1 De acordo co recollido en <https://www.globalteachinginsights.org/observing>

2 En conformidade coas conclusións de https://eur-lex.europa.eu/legal-content/EN/TXT/PDF/?uri=uriserv:OJ.C_.2020.193.01.0011.01.SPA



construtivamente a crítica fundamentada e a retroacción recibida. Por outra banda, o programa desenvolve a Competencia en Organización Escolar e Colaboración, xa que a participación nel implica a realización dun importante labor de traballo en equipo.

En consecuencia, esta Dirección Xeral, **RESOLVE:**

Primeiro. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto establecer o programa "Observa_Acción: Desenvolvemento competencial desde a observación e o intercambio entre iguais" (en diante, Observa_Acción), que se desenvolverá en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional durante dous cursos escolares, 2024/2025 e 2025/2026.

Segundo. *Finalidade e obxectivos do programa*

O programa Observa_Acción ten como finalidade fomentar o desenvolvemento profesional nas Competencias Profesionais Docentes para a cooperación e colaboración, a construción conxunta de coñecemento, a internacionalización das organizacións e o liderado e xestión de centros, a través do intercambio de boas prácticas e a observación entre iguais.

Os obxectivos a acadar con este programa son os seguintes:

1. Fomentar a colaboración e o intercambio de experiencias docentes e de liderado e xestión, como vía formativa para o desenvolvemento e crecemento profesional, individual e colectivo.
2. Facilitar a observación directa de práctica de aula, metodoloxías, proxectos, organización de centro, enfoques didácticos, xeitos de relación e comunicación ou vías de xestión dos recursos, fomentando a adaptación e a transferencia e integración reflexiva e contextualizada de innovacións educativas na súa realidade docente, individual e colectiva.
3. Favorecer a apertura e internacionalización dos centros educativos, ofrecendo a posibilidade de levar a cabo proxectos con outras realidades educativas a nivel estatal e internacional e o establecemento de alianzas de cooperación para a innovación e a mellora.



Terceiro. Liñas de traballo do Plan Anual de Formación do Profesorado

As liñas de traballo recollidas no Plan Anual de Formación do Profesorado para o curso 2024/2025 constitúen os alicerces do programa Observa_Acción. Son as seguintes:

1. Didáctica: Deseño e desenvolvemento dos novos currículos conforme os principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) para a atención á diversidade do alumnado. Metodoloxías didácticas. Iniciativas formativas no ámbito STEM e fomento da creatividade e o emprendemento. Polos creativos. Fomento da competencia matemática.
2. Dixital: Educación dixital e transformación dixital dos centros. Plan dixital do centro. Competencia dixital docente. Espazos virtuais para traballo na Rede. E-Dixgal.
3. Innovación investigación e internacionalización: Plans de mellora dos centros - xestión de calidade. Adecuación de espazos ao Plan de Arquitectura Pedagóxica. Optimización da práctica docente a través de programas de observación e intercambio de experiencias entre centros e participación en proxectos europeos. Programas de internacionalización dos centros educativos.
4. Convivencia e inclusión: Mellora da convivencia e benestar emocional. Relación coas familias. Centros saudables. Desenvolvemento sostible.
5. Comunicación e plurilingüismo: Mellora da competencia comunicativa docente e do alumnado. Promoción da alfabetización múltiple, bibliotecas escolares como espazos vivos de aprendizaxe.

Cuarto. Fases do programa e temporalización

ANO I: Fase Autonómica. Desenvolverase ao longo do curso académico 2024/25 entre os meses de novembro e xuño e será de carácter obrigatorio para todos os centros participantes. Esta fase constará de dúas etapas:

- Etapa Comparte: Desenvolverase no propio centro educativo.
- Etapa Acolle: Desenvolverase con outros centros da comunidade galega.

ANO II: Fase Interautonómica ou Fase Internacional. Desenvolverase ao longo do curso académico 2025/26 entre os meses de outubro e xuño. Esta fase é de carácter optativo para os centros.

A Fase Interautonómica desenvolverase con centros educativos doutras comunidades autónomas.

A Fase Internacional desenvolverase con centros educativos de países socios.



Quinto. Desenvolvemento das fases do programa

ANO I: Fase autonómica. Desenvolverase integramente na comunidade autónoma galega e constará de dúas etapas ou momentos.

Nesta Fase Autonómica, habilitarase unha Aula Virtual (AV) na que se inscribirá a todas as persoas participantes no programa indicadas no Anexo I e onde se evidenciará o desenvolvemento das dúas etapas que se detallan a seguir, a través daquelas tarefas que se propoñan. A planificación e desenvolvemento das sesións de observación nesta Fase Autonómica estarán vencelladas ás 3 liñas de traballo seleccionadas no Anexo I.

As etapas que artellan esta fase son:

- a) **Etapa Comparte:** realizarase entre docentes do mesmo centro educativo e iniciarse no primeiro trimestre do curso escolar. Implicará a asistencia a unha sesión informativa por videoconferencia, que abordará os aspectos esenciais do programa, así como aspectos prácticos da observación de aula.
- b) **Etapa Acolle:** realizarase entre equipos de docentes do ámbito da comunidade autónoma de Galicia e iniciarse no segundo trimestre do curso escolar. Implicará a asistencia a unha sesión de presentación por videoconferencia que abordará os aspectos esenciais desta etapa, as parellas de centros e aquelas outras cuestións relativas á finalización do programa. Cada centro terá outro asignado co que intercambiará boas prácticas docentes compartindo, colaborando, reflexionando e formándose mutuamente.

Centro anfitrión: A organización do proceso de observación no centro anfitrión recaerá no equipo directivo co asesoramento do CAFI ou CFR do seu ámbito. A xornada de acollida planificarase para un día e terá como obxectivo observar a práctica profesional e implicarse nun intercambio de ideas que contribúa á mellora das súas competencias profesionais.

Centro visitante: Formarase un equipo observador que será o que se desprace. Estará composto por 1 representante do equipo directivo e un máximo de 4 docentes. O resto de participantes que non se despracen para as observacións, colaborarán co centro emparellado a través da aula virtual. A xornada de visita e desprazamento planificarase para un día.

ANO II: Fase Interautonómica ou Fase Internacional. Estas fases discorrerán de forma paralela en función das adxudicacións. O seu desenvolvemento dependerá do número de centros educativos dos países socios e das comunidades autónomas que se sumen ao programa.



Cada centro educativo poderá participar unicamente nunha das fases que previamente indicara no Anexo I. Poderán seleccionarse as dúas opcións por orde de preferencia. A selección dunha soa opción exclúe automaticamente da participación na outra.

- **Fase Interautonómica.** Esta fase realizarase entre equipos docentes con centros educativos doutras comunidades autónomas españolas. Os centros emparellados, disporán dunha AV de traballo conxunto para evidenciar o desenvolvemento desta etapa, na que participarán todas as persoas inscritas no programa.

Centro anfitrión galego: A organización do proceso de observación no centro anfitrión recaerá no equipo directivo co asesoramento do CAFI/CFR do seu ámbito. A xornada de acollida durará 1 día e medio e terá como obxectivo observar a práctica profesional e implicarse nun intercambio de ideas que contribúa á mellora das súas competencias profesionais.

Centro visitante: As estadias de observación consistirán no desprazamento e acollida dun máximo de 3 docentes (1 deles do equipo directivo). A organización e desenvolvemento da observación no centro educativo planificarase para 1 día e medio máis o tempo de desprazamento segundo conveña en función da loxística necesaria para o destino. O resto de docentes que non realicen as mobilidades participarán a través da AV naquelas tarefas creadas para a colaboración e o intercambio conxunto para poder certificar a actividade.

- **Fase Internacional.** Esta etapa consiste nunha experiencia de colaboración cun centro educativo doutro país asociado ao programa co que intercambiará boas prácticas docentes compartindo, colaborando e reflexionando. Os centros educativos galegos contarán cunha AV de traballo para todos os docentes inscritos no programa e a través do cal, irase evidenciando o desenvolvemento do mesmo para os efectos da certificación. As estadias de observación consistirán no desprazamento e posible acollida dun máximo de 3 docentes (1 deles do equipo directivo). A duración desta estadia nun centro educativo dun país socio artellarase para unha duración de 4 días, incluíndo os días de viaxe, podendo axustar esta temporalización segundo conveña en función da loxística necesaria do país que se visite. O resto de docentes participantes que non realicen as mobilidades colaborarán a través da AV naquelas tarefas creadas para a colaboración e o intercambio conxunto para poder certificar a actividade.

Os centros educativos serán responsables de asegurárense de que o persoal participante teña a competencia lingüística necesaria para levar a cabo as actividades asociadas ao programa.



Sexto. Valoración final

ANO I: Fase Autonómica. As evidencias do traballo desenvolvido durante a Etapa Comparte e a Etapa Acolle, quedarán reflectidas na AV habilitada. Nesta fase proporánse tarefas nesta AV que conducirán á elaboración dun produto final e cuxa valoración conxunta suporá un máximo de 10 puntos. Os criterios de avaliación serán publicados ao inicio do programa.

A efectos de certificación das 50h de formación correspondente ao ANO I, todas as persoas inscritas no programa cumprirán ter evidenciada a súa participación na AV habilitada en tódalas tarefas propostas, nos termos que se establezan. Será un requisito imprescindible para poder optar ao ANO II (Fase Interautonómica ou Fase Internacional), a presentación do produto final.

ANO II: Fase Interautonómica ou Fase Internacional. Nesta fase proporánse tarefas na AV que conducirán á elaboración dun produto final e cuxa valoración conxunta posibilitará a certificación da actividade.

A efectos de certificación das 30h de formación correspondente ao ANO II, todas as persoas inscritas no programa cumprirán ter evidenciada a súa participación na AV habilitada en tódalas tarefas propostas, nos termos que se establezan.

Sétimo. Requisitos do programa

1. A selección dun centro no programa Observa_Acción suporá a participación obrigatoria no ANO I: Fase Autonómica, na súa integridade.
2. A participación no ANO II: Fase Interautonómica ou Internacional é de carácter optativo. No caso de ter interese, deberase indicar no Anexo I, no momento da solicitude, a orde de preferencia de participación na Fase Interautonómica ou Fase Internacional.
3. Os centros educativos nomearán a unha persoa coordinadora do programa Observa_Acción.
4. Calquera modificación de roles entre os docentes (coordinacións, realizan e non realizan mobilidades...) serán comunicados á persoa asesora de CFR/CAFI de referencia mediante correo electrónico, para facer as actualizacións necesarias onde corresponda.
5. Non se poderán inscribir participantes adicionais unha vez iniciado o desenvolvemento do programa coa primeira sesión informativa por videoconferencia.
6. O feito de que unha persoa participante cause baixa non xustificada (p.ex. falta de participación na AV) e/ou non se comunique a mesma á dirección do centro, e



posteriormente dende a dirección ao CAFI/CFR do seu ámbito, poderá repercutir negativamente na valoración global final do centro.

7. Todas as persoas participantes realizarán as sesións formativas e informativas que se establezan, coa finalidade de coñecer os principios e ferramentas esenciais para desenvolver a observación docente con éxito.
8. Ao final de cada fase, cumprirá ter evidenciados na AV o desenvolvemento e participación no programa a través daquelas tarefas propostas e da entrega do produto final que se esixa, sendo isto necesario para poder certificar a actividade.
9. As estadias formativas non poderán supoñer a paralización das actividades lectivas ou a interrupción do funcionamento ordinario dos centros observados e observadores. Do mesmo xeito, deberase acudir puntualmente ao inicio da xornada escolar ao centro onde se vai realizar a observación.
10. O centro educativo establecerá as medidas organizativas pertinentes para o desenvolvemento efectivo de cada unha das fases e etapas do programa e para que as actividades lectivas sexan atendidas cos recursos propios do centro. Así mesmo, outorgarase flexibilidade horaria para a correcta realización das actividades asociadas ao programa.
11. Dado que un dos obxectivos deste programa é xerar un efecto catalizador mediante o cal se repliquen e difundan ao profesorado os aspectos observados para poder desenvolvelos no propio centro, é preciso difundir as aprendizaxes tanto no propio claustro, na web do centro ou por outras vías que se consideren pertinentes (redes sociais, prensa local, etc.).
12. O CAFI/CFR correspondente coordinará o programa e fará o seguimento do seu desenvolvemento.

Oitavo. Destinatarios

O programa Observa_Acción vai dirixido aos centros educativos públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional Galicia que impartan ensinanzas non universitarias.

Noveno. Prazas e criterios de selección dos centros

A selección dos centros será levada a cabo por unha comisión de valoración integrada polo Xefe do Servizo de Programas de Formación, representantes dos distintos CAFI/CFR e persoas asesoras do servizo de programas de formación.



Ofertaranse 36 prazas para a participación no ANO I: Fase Autonómica, asignadas por cada ámbito de asesoramento territorial CFR/CAFI coa seguinte distribución: CAFI (5); CFR A Coruña (6); CFR Ferrol (4); CFR Lugo (5); CFR Ourense (5); CFR Pontevedra (5); CFR Vigo (6). Se quedasen prazas vacantes nalgún ámbito, adxudicaríanse consecutivamente a aqueles CFR/CAFI que tivesen máis solicitudes.

Centros candidatos para a participación no ANO I

Os criterios para a selección dos centros candidatos serán os seguintes:

1. Centros educativos que non participaran no Programa Observa_Acción en ningunha das convocatorias anteriores, 3 puntos.
2. Centros educativos que participaran en convocatorias anteriores ao 2022/23, 2 puntos.
3. Centros educativos que finalizaran a participación no programa obxecto da Resolución do 26 de outubro do 2022, 1 punto.
4. Porcentaxe de participación do claustro no programa Observa_Acción, ata 1 punto.

En caso de empate, terase en conta a porcentaxe de participación de profesorado en PFPP no curso 2024/25 e en anos anteriores sucesivamente ata acadar o desempate.

Centros candidatos para a participación no ANO II

O destino dos centros candidatos para a participación no ANO II: Fase Interautonómica ou Fase Internacional, dependerá do número de socios internacionais e das comunidades autónomas que se sumen ao programa. Priorizaranse as fases sinaladas no Anexo I da solicitude inicial e a puntuación final obtida na Fase Autonómica.

Os centros quedarán ordenados segundo a puntuación final obtida na valoración da Fase Autonómica.

Décimo. *Certificación de participación do profesorado no programa*

Segundo o establecido no artigo 37 da Orde de 14 de maio de 2013, pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos recoñecerá a participación activa e satisfactoria no programa como actividade de formación, cunha equivalencia de 50 horas para o ANO I (Fase Autonómica) e 30 horas para a ANO II (Fase Internacional ou Interautonómica).



Décimo primeiro. *Financiamento do programa*

Os gastos derivados do desenvolvemento do programa corresponderán á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, xestionados polo CFR/CAFI correspondente.

Décimo segundo. *Prazos, solicitude e documentación*

O prazo de presentación de solicitudes e da documentación será dende o día seguinte á publicación da presente resolución no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal> e ata o día 31 de outubro 2024.

As persoas directoras dos centros interesados en participar nesta convocatoria deberán dirixir a solicitude á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). A solicitude deberá identificarse coa denominación "Convocatoria Observa_Acción" e, xunto con ela, achegarse cuberto e asinado o Anexo I. Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

Unha vez aprobada a solicitude de participación, farase pública a admisión no programa, a través da publicación no portal educativo da correspondente listaxe de centros educativos.

Décimo terceiro. *Resolución provisional*

Unha vez efectuada a selección pola Comisión, as resolucións provisionais faranse públicas o día 12 novembro de 2024 no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal>, coa listaxe dos centros adxudicatarios do programa Observa_Acción ordenados segundo a puntuación recibida .

A partir da publicación da resolución provisional abrírase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias. Os escritos dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente



ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). A solicitude deberá identificarse coa denominación "Convocatoria Observa_Acción" e, xunto con ela, achegarse o escrito correspondente.

Para a presentación da solicitude de poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

Décimo cuarto. Resolución definitiva

Transcorrido o prazo establecido, a comisión de selección, realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e deseguido elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral que adoptará a resolución definitiva dos centros educativos seleccionados.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinto. Renuncias

Por causas de forza maior, o centro educativo poderá solicitar a súa baixa no programa Observa_Acción. As persoas directoras dos centros que soliciten esta baixa de renuncia nesta convocatoria deberán dirixir a solicitude á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A). A solicitude deberá identificarse coa denominación "Convocatoria Observa_Acción" e, xunto con ela, achegarse cuberto o Anexo II. Para a presentación da solicitude poderá empregarse calquera



dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365, <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>.

Décimo sexto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director Xeral de Centros e Recursos Humanos
Jesús Manuel Álvarez Bértolo



ANEXO I
Participación no Programa Observa_Acción

CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO		NOME DO CENTRO EDUCATIVO	
DNI PERSOA COORDINADORA		NOME E APELIDOS	
	DNI PARTICIPANTES	NOME E APELIDOS	
1.			
2.			
3.			
4.			
5.			
6.			
7.			
8.			
9.			
10.			
11.			
12.			
13.			
14.			
15.			
16.			
17.			
18.			
18.			
20.			
21.			
22.			
23.			
24.			
25.			
26.			
27.			
28.			
29.			
30.			
31.			
32.			



ANEXO I
(continuación)

No curso académico 2025/26 correspondente ao ANO II do programa, cada centro educativo poderá participar unicamente nunha das fases (Fase Interautonómica ou Fase Internacional), podendo seleccionar as dúas opcións por orde de preferencia. A selección dunha soa opción exclúe automaticamente da participación na outra.

NOME DO CENTRO EDUCATIVO				
Sinale cunha X na casíña 1 e 2 para indicar a orde preferencia da fase para participar no Ano II				
Fase Interautonómica	1	☐	2	☐
Fase Internacional	1	☐	2	☐

Sinale cunha X as liñas de traballo do Plan Anual de Formación, nas que centrará a observación (marque un máximo de 3)	
Didáctica	☐
Dixital	☐
Innovación e investigación	☐
Convivencia e Inclusión	☐
Comunicación e Plurilingüismo	☐

Indique brevemente aspectos nos que destaca o seu centro
Indique brevemente aspectos que lle gustaría observar no centro co que sexa emparellado

Asinado electronicamente en





Anexo II

Renuncia á participación no Programa Observa_Acción

CÓDIGO DO CENTRO EDUCATIVO	NOME DO CENTRO EDUCATIVO

DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE	
NOME APELIDOS	NIF
CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

DECLARA
Que o devandito centro renuncia a participar no Programa Observa_Acción alegando a seguinte causa de forza maior:

E para que así conste para os efectos oportunos, asino esta declaración:

Asinado electronicamente en

